



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)  
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO “MELLORA DE VIARIO MUNICIPAL NO LUGAR DE O CARBALLAL, NA PARROQUIA DE TRABA”

### 1.Introdución

Dous tramos de viarias na parroquia de Traba, lugar do Carballal presentan un estado deteriorado. En concreto, o primeiro tramo corresponde a un viario de 121 metros dende case o final do núcleo rural de O Carballal ata a intersección co viario AS-433. O segundo tramo intersecta aproximadamente á metade do primeiro tramo e finaliza no lugar denominado como a Fonte de Santiago de Cabanela, cunha lonxitude aproximada de 190 metros.

As obras que se pretenden executar consisten na mellora da pavimentación do viario nos tramos anteriormente definidos.

As obras están incluídas no Plan único de concellos POS+ ADICIONAL 2/2021, da Deputación de A Coruña.

### 2.Descripción da situación actual

Dous tramos de viarias na parroquia de Traba, lugar do Carballal presentan un estado deteriorado.

O primeiro tramo, correspondente a un viario de 121 metros dende case o final do núcleo rural de O Carballal ata a intersección co viario AS-433, presenta un acabado superficial resolto a base de risco asfáltico cun evidente mal estado de mantemento do firme, así como unha mala canalización das augas potable fluviais debido á ausencia dun drenaxe adoitado mediante cunetas libres de maleza. A actuación proxectada para este tramo engloba as obras precisas para a reparación asfáltica con bacheo mediante firme e a execución dunha capa de rodadura resolta. Procederáse tamén a retirada da varanda metálica de protección existente ao lado este do camiño, que presenta un mal estado de conservación, para instalar no seu lugar un valado máis acorde co entorno no que se localiza.

O segundo tramo, que intersecta aproximadamente á metade do primeiro tramo e finaliza no lugar denominado como a Fonte de Santiago de Cabanela, cunha lonxitude aproximada de 190 metros, presenta actualmente unha capa de rodadura cun firme de formigón nun estado deteriorado, con baches de bastante profundidade, maleza e herbas tanto nas cunetas como en parte da capa de rodadura. Presenta ao inicio da actuación unha zona con forte pendente no lado sur do camiño, que provoca que en épocas de choiva as augas de correntía baixan polo terreo, aneguen e deterioran o firme existente. Nesta zona, no lado norte, o camiño presente un talud considerable, baixo o que transcorre un cauce natural que recolle o resto das augas de escorrentía do camiño e dos terreos adxacentes. A Actuación pretende mellorar o firme en todo o camiño e evitar que a zona de inicio do camiño anegue continuamente nas épocas de choiva intensa, xerando un pozo de recollida das augas de escorrentía do lado sur e mediante o tubo de cruzamento enterrado se verta dita auga no cauce existente baixo o talud do lado norte do camiño.

Dentro da actuación reponse un muro de mampostería que no seu día veu abaixo debido a unha tromba de auga e que delimita o camiño con talud norte en metade do tramo. Retírase do mesmo modo a varanda metálica que serve de protección, para substituír por unha valla de madeira.



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)  
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

### 3. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato de obra consiste na execución do Proxecto denominado "PROYECTO TÉCNICO DE MEJORA DE VIAL MUNICIPAL EN EL LUGAR DE O CARBALLAL EN LA PARROQUIA DE TRABA-CONCELLO DE LAXE - CONCELLO DE LAXE" redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Jesús Manuel Mallo Puga, en data xaneiro de 2021, segundo as prescricións técnicas particulares recollidas no mencionado proxecto.

Os Códigos CPV son:

45233222-1. Traballos de pavimentación y asfaltado

### 4. Necesidade e investimento social derivado deste contrato

Dous tramos de viarias na parroquia de Traba, lugar do Carballal presentan un estado deteriorado do firme. Ademais debido ao seu estado prodúcense problemas de canalizacións de augas e anegacións en épocas de choivas intensas. As actuacións previstas solucionarían estes problemas. Ademais prevén a substitución de varandas por outras máis axeitadas

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. d) que "o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade polo que é preciso proceder ao mantemento da referida rede viaria municipal e, dado que foi un proxecto aprobado para incorporalo como investimento no Plan único de concellos POS+ ADICIONAL 2/2021, da Deputación de A Coruña, é necesario licitar a contratación de dita obra.

### 5. Análise Técnica e Económica.

A análise detallada do proceso técnico da obra consistente no mellora de viario municipal no lugar de O Carballal, na parroquia de Traba está recollida en detalle no Proxecto que se incorpora ao expediente de contratación, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Jesús Manuel Mallo Puga, en data xaneiro 2021.

Do punto de vista económico, esta actuación está financiada integramente por fondos achegados pola Deputación Provincial da Coruña, a través do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2020 polo que non supón un custe para o concello, ao recibir as transferencias de capital necesarias para sufragar a obra.

### RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios	Deputación de A Coruña
0 €	68.613,33 €



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)  
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

## 6. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A realización do investimento mantemento de pavimento da rede viaria municipal no lugar do Carballa, parroquia de Traba, atópase dentro dos parámetros impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira establece os procedementos necesarios para a aplicación efectiva dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira; así como o establecemento dos límites de déficit e débeda, os supostos excepcionais nos que poden superarse e os mecanismos de corrección das desviacións; e os instrumentos para facer efectiva a responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento, en desenvolvemento do artigo 135 bis da Constitución de 1978 e no marco da normativa europea.

Así, o artigo 3 recolle o principio de estabilidade orzamentaria:

1. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.
3. En relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 desta Lei entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

En relación co artigo 4.2, que define como “sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Desde esta perspectiva, tendo en conta que o gasto do investimento se financia con ingresos da administración provincial, tamén cómpre sinalar que o Concello de Laxe conta con consignación nos orzamentos municipais de 2021 para cubrir os gastos que xere para a facenda local o mantemento do aparcamento e dos accesos, pois non se estiman aumentos do custe para os vindeiros anos que deriven da realización desta obra, dado que non precisará dos pequenos arranxos que precisaba ata agora, polo que se manterá nos mesmos termos o custe asociado a este servizo e que se financiará cos gastos xa consignados e consolidados no correspondente programa orzamentario.

## 7. Análise do Procedemento

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de obra a teor do artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

O procedemento previsto, á vista do importe do proxecto, será o aberto simplifícadísimo ou simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)  
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP.

O prazo de execución das obras é de 2 MESES, segundo o estipulado na memoria do proxecto.

Laxe, 04 de agosto de 2021

O alcalde

Asdo. José Luís Pérez Añón

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE